

CONSELLERÍA DO MAR

Orde do 30 de xuño de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas á paralización definitiva dos buques pesqueiros, cofinanciadas co Fondo Europeo de Pesca, e se convocan para o exercicio 2010.

O Regulamento (CE) 1198/2006 do Consello, do 27 de xullo, relativo ao Fondo Europeo de Pesca (FEP), define o marco de apoio comunitario a favor do desenvolvemento sustentable do sector pesqueiro para o período 2007-2013.

O devandito regulamento tenta adaptar a frota pesqueira comunitaria, de xeito que se poida conceder axuda pública para a paralización definitiva de buques pesqueiros afectados por plans de axuste do esforzo pesqueiro, segundo se establece no artigo 21 do Regulamento (CE) 1198/2006. Estes plans de axuste do esforzo pesqueiro refírense a plans de recuperación, plans de xestión, Plan nacional de desmantelamento, medidas de urxencia da Comisión, medidas de urxencia do Estado membro, medidas dos estados membros dentro das 12 millas mariñas e medidas dos estados membros aplicables unicamente aos buques pesqueiros que enarboran o seu pavillón.

Ao abeiro deste regulamento, a Consellería do Mar publicou as bases reguladoras das axudas á paralización definitiva, mediante a Orde do 17 de abril de 2009, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva das axudas á paralización definitiva dos buques pesqueiros, financiadas co Fondo Europeo da Pesca, e se convocan para o exercicio 2009 (DOG nº 78, do 23 de abril).

Para axilizar a tramitación das axudas na procura dunha eficacia administrativa e para axeitar as bases reguladoras á realidade existente no sector pesqueiro, procédese a establecer mediante esta orde unhas novas bases reguladoras destas axudas ata o remate do período do programa operativo, derogando a orde antes mencionada.

Por todo isto, e de acordo co disposto no artigo 30.1º.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e en uso das competencias que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e demais normativa de aplicación,

DISPOÑO:**Artigo 1º.-Obxecto.**

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras e o procedemento de concesión das axudas á paralización definitiva das actividades de pesca de buques pesqueiros, de conformidade co disposto no artigo 23 do Regulamento (CE) 1198/2006, do Consello, do 27 de xullo de 2006, relativo ao Fondo Euro-

peo de Pesca, para o período 2007-2013, así como proceder á súa convocatoria para o exercicio 2010.

Artigo 2º.-Finalidade das axudas.

A finalidade das axudas reguladas nesta orde é axeitar a capacidade pesqueira da frota coa dispoñibilidade dos recursos mariños, mediante a redución do esforzo pesqueiro e así, lograr un equilibrio sustentable que asegure que a pesca siga sendo unha actividade de desenvolvemento económico para esta comunidade.

A paralización definitiva poderase materializar por despezamento, asignación definitiva a tarefas non pesqueiras ou reconversión en arrecifes artificiais.

Artigo 3º.-Crédito orzamentario.

1. As axudas concederanse con cargo ás aplicacións orzamentarias que sinale a correspondente Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Durante a vixencia do FEP (2007-2013) fixarase mediante a correspondente orde de convocatoria o crédito anual existente.

3. Os importes fixados en cada convocatoria, así como as aplicacións a que se imputen, poderanse ampliar con fondos incorporados e remanentes adicionais, sen que iso dea lugar á apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes, salvo indicación expresa, en contrario, na orde que se publique para o efecto.

4. As axudas estarán limitadas, en todo caso, ás dispoñibilidades orzamentarias.

5. Para o ano 2010 as axudas concederanse con cargo á aplicación orzamentaria 14.02.723A.770.1 da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para ese ano. O crédito máximo de concesión destas subvencións neste ano será de 13.647.000 euros.

6. As axudas mencionadas contan co financiamento do FEP nun 61% e do Estado membro nun 39%.

Artigo 4º.-Requisitos dos beneficiarios.

1. Poderán ser beneficiarios destas axudas os propietarios de buques pesqueiros da 3ª lista do Rexistro de Matrícula de Buques que cumpran os seguintes requisitos:

a) O buque ten que ter unha antigüidade mínima de dez anos, ter o seu porto base na Comunidade Autónoma de Galicia e atoparse de alta no Rexistro de Buques Pesqueiros da Comunidade Autónoma de Galicia e no Censo de Frota Pesqueira Operativa.

b) O buque deberá ter unha actividade pesqueira mínima de 90 días de pesca en cada un dos dous períodos de doce meses anteriores á data de solicitude de paralización definitiva ou 120 días de pesca

nos doce meses anteriores á data de presentación da solicitude de paralización definitiva.

c) O buque non deberá estar ofertado como baixa para unha nova construción ou modernización.

d) O buque ten que estar incluído nun plan de axuste do esforzo pesqueiro segundo o artigo 21 letra a) do Regulamento (CE) 1198/2006, relativo ao Fondo Europeo de Pesca.

Se ao longo do exercicio orzamentario se aprobasen novos plans de axuste do esforzo pesqueiro, e existise crédito orzamentario suficiente, abrírase un novo prazo de presentación de solicitudes para as embarcacións que estean afectadas polos ditos plans.

e) Que ao solicitar a axuda, o buque estea libre de cargas e gravames, salvo que a súa cancelación estea suficientemente garantida ou se presente autorización expresa da entidade crediticia para solicitar esta axuda.

2. Non poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas nas cales conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Os solicitantes da axuda, antes de que se dite a proposta de resolución, deben estar ao día das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia. A presentación da solicitude suporá a autorización ao órgano xestor destas axudas, para obter dos organismos competentes os certificados de que se atopa ao día no cumprimento das ditas obrigas. Non obstante, se por razóns técnicas ou doutra índole, estes certificados non puideran ser obtidos polo órgano xestor, poderán serlles requiridos ao interesado.

Artigo 5º.-Obrigas dos beneficiarios.

Os beneficiarios deberán cumprir as seguintes obrigas:

a) Executar as actuacións obxecto da subvención dentro do prazo conferido para o efecto, e con cumprimento das condicións establecidas na respectiva resolución de concesión e demais normativa de aplicación. Excepcionalmente, en casos xustificadas, logo de petición do interesado, os prazos poderán ser prorrogados por resolución expresa do director xeral de Competitividade e Innovación Tecnolóxica.

b) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará o órgano concedente ou calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, e achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

c) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos durante un mínimo de cinco anos desde a percepción do último pagamento, para os efectos de comprobación e control.

d) Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable específico en relación con todas as transaccións relacionadas coa subvención que permita seguir a pista de auditoría.

e) Comunicar á consellería a obtención doutras subvencións e axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou ente, tanto públicos como privados.

f) Comunicarlle á Consellería do Mar calquera circunstancia que poida afectar substancialmente á execución dos fins para os que foi concedida a axuda.

g) Acreditar, mediante declaración responsable, que non teñen pendente de pagamento ningunha obriga por reintegro de subvencións.

h) Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que se encontra ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias, fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

i) Dar a axeitada publicidade ao carácter público do financiamento do investimento realizado, con expresa mención á participación do Fondo Europeo de Pesca, nos termos regulamentariamente establecidos.

j) No caso das frotas que teñan dereitos de pesca asignados de xeito individual, o propietario do buque que se vaia paralizar deberá comprometerse a que o 100% dos dereitos de pesca permanezan durante un mínimo de 5 anos nun porto base da Comunidade Autónoma de Galicia, e o seu incumprimento implicará o reintegro *pro rata temporis* da axuda. Para este efecto para proceder ao pagamento cubrirase o anexo VI desta orde.

k) Con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión da axuda, o buque debe estar de alta no Censo de Frota Pesqueira Operativa e no Rexistro de Buques Pesqueiros de Galicia.

Artigo 6º.-Contía das axudas.

A contía das axudas será como máximo a seguinte:

a) Prima por despezamento:

Categoría por tonelaxe do buque (GT)	Importe máximo da prima (€)
0<10	11.500 x GT + 2.100
10<25	5.250 x GT + 65.100
25<100	4.410 x GT + 86.100
100<300	2.835 x GT + 243.600
300<500	2.310 x GT + 401.100
500 ou máis	1.260 x GT + 926.100

b) Prima por afundimento para a reconversión en arrecifes artificiais: mesmo baremo que o despezamento.

c) Prima no caso de que o buque se reconverta a tarefas non pesqueiras de carácter non lucrativo: mesmo baremo que o despezoamento.

d) Prima no caso de que o buque se reconverta a tarefas non pesqueiras de carácter lucrativo: os importes máximos da prima por despezoamento reduciranse nun 50%.

2. Os importes máximos veranse reducidos nun 1% por cada ano que supere os vinte anos ata un máximo de 30 anos ou máis.

3. A contribución pública a esta axuda poderá chegar ao 100%.

4. As primas por paralización definitiva non serán acumulables con outra axuda comunitaria. Estas primas reduciranse:

-Nunha parte do importe percibido anteriormente no caso de axuda á modernización. Esta parte calcularase proporcionalmente ao tempo transcorrido dende o remate dos traballos de modernización acreditada coa acta de fin de obra e a solicitude de paralización, no período de cinco anos precedentes á paralización definitiva.

-No caso de perda do buque entre o momento da concesión da axuda e a paralización definitiva real, efectuarase unha corrección financeira equivalente á indemnización pagada polo seguro.

Artigo 7º.-*Compatibilidade das axudas.*

1. As axudas establecidas nestas bases reguladoras serán compatibles con calquera outra concedida por outras administracións públicas ou por entidades públicas ou privadas, sempre que non teñan financiamento parcial ou total de fondos procedentes doutro instrumento financeiro comunitario, e a suma total das axudas non supere a porcentaxe máxima fixada no Regulamento (CE) 1198/2006 para a contribución pública.

2. No suposto de que a suma de todas as axudas supere os ditos límites, procederase por resolución do órgano concedente, á minoración da axuda concedida.

Artigo 8º.-*Prazos de solicitude e documentación necesaria.*

1. A prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o derradeiro día do mes.

2. A solicitude presentarase no Rexistro Único e de Información do complexo administrativo de San Caetano en Santiago de Compostela ou, en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

3. As solicitudes incluírán un exemplar orixinal e unha copia cotexada da documentación que se relaciona a seguir:

a) Anexo I desta orde relativo ao modelo de solicitude de axuda.

b) Anexo II de declaración doutras axudas (solicitude).

c) Acreditación da personalidade:

I. Se o solicitante é a persoa física propietaria do buque:

- Copia cotexada do DNI só no caso de non autorización ao órgano xestor para comprobar os datos de identidade mediante consulta ao sistema de verificación de datos segundo o Decreto 255/2008, do 23 de outubro de 2008 (DOG nº 221, do 13 de novembro) e Orde do 7 de xullo de 2009 (DOG nº 134, do 10 de xullo).

II. Se o solicitante é unha persoa xurídica:

-Copia cotexada da tarxeta de identificación fiscal.

-Certificación rexistral actualizada en que figure a constitución da sociedade e os estatutos vixentes.

-Poder suficiente do representante no caso de que tal poder non figure nos estatutos.

-Copia cotexada do DNI do representante só no caso de non autorización do representante ao órgano xestor para comprobar os datos de identidade mediante consulta ao sistema de verificación de datos segundo o Decreto 255/2008, do 23 de outubro de 2008 (DOG nº 221, do 13 de novembro), e Orde do 7 de xullo de 2009 (DOG nº 134, do 10 de xullo).

III. Se os solicitantes son unha pluralidade de persoas, ademais da sinatura de todos eles no modelo de solicitude, deberán presentar:

-Copia cotexada do DNI de cada un dos propietarios da embarcación só no caso de non autorización ao órgano xestor para comprobar os datos de identidade mediante consulta ao sistema de verificación de datos segundo o Decreto 255/2008, do 23 de outubro de 2008 (DOG nº 221, do 13 de novembro), e Orde do 7 de xullo de 2009 (DOG nº 134, do 10 de xullo); e CIF da comunidade de bens ou sociedade civil.

-Copia cotexada da escritura de constitución e a porcentaxe de participación de cada un dos seus

membros ou, no seu defecto, declaración responsable asinada por todos os socios, segundo modelo do anexo III. En calquera caso deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación.

-Compromiso de execución asumido por cada membro da agrupación de persoas.

-Compromiso de non disolución da agrupación ata que transcorran catro anos desde a concesión da axuda.

d) Se o buque está en réxime de gananciais, autorización do cónxuxe ou parella de feito para a presentación do buque ás axudas de paralización definitiva.

e) Certificación bancaria da conta onde se procederá ao pagamento da axuda. Se os solicitantes son unha pluralidade de persoas, a certificación bancaria debe ser dunha conta en que sexan titulares todos os integrantes da agrupación.

f) Certificación do Rexistro Mercantil en que conste a titularidade e o estado de cargas ou gravames do barco.

g) Certificación de despachos, expedida pola Capitanía Marítima correspondente, acreditativa de que o buque foi despachado para a actividade pesqueira.

h) Copia certificada e actualizada da folla de asento do buque.

i) Anexo IV de compromiso de retirada da actividade pesqueira.

j) Anexo V, de relación de pescadores que formen parte da tripulación do buque obxecto da solicitude de paralización cos NIF e número de afiliación no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, no momento da solicitude da axuda, acompañada da fotocopia compulsada da inscrición dos tripulantes no rol de dotación do buque. No suposto de que no momento da convocatoria das axudas o buque estivese faenando en caladoiros afastados, presentarase certificación da Capitanía Marítima coa relación da tripulación enrolada a bordo.

k) No caso de que o buque este afectado polo establecido no artigo 11º, punto 2, letra d), o solicitante da axuda deberá indicar nun documento o convenio ou acordo que fai referencia o devandito artigo e achegar certificación acreditativa deste feito, expedida pola entidade correspondente.

Artigo 9º.-*Tramitación das solicitudes, resolución e recursos.*

1. O Servizo de Innovación Tecnolóxica da Frota da Consellería do Mar, como órgano instructor dos expedientes, analizará os expedientes e requirirá a documentación necesaria, de ser o caso.

2. Se a solicitude non reúne algún dos requisitos exigidos, requirirase o interesado para que nun prazo de dez días hábiles emende a falta ou achegue os documentos preceptivos e, se así non o fixer, considerase que desiste da súa solicitude. Sen prexuízo do anterior, poderá requirirse o solicitante para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

3. Unha vez instruído o expediente, remitirase a unha comisión de selección formada polo director xeral de Competitividade e Innovación Tecnolóxica, a subdirectora xeral de Innovación Tecnolóxica e a xefa do Servizo de Innovación Tecnolóxica da Frota, que emitirán un informe en que se concrete o resultado da avaliación efectuada. Con aqueles expedientes que reúnan os requisitos e a documentación necesaria elaborarán unha proposta de expedientes priorizada e ata onde cheguen as disponibilidades orzamentarias. A devandita proposta remitirase á Secretaría Xeral do Mar do Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño. Acadado o acordo entre ambas as administracións, elevarase á conselleira do Mar para a súa resolución, quen poderá delegar no director xeral de Competitividade e Innovación Tecnolóxica.

4. En caso de imposibilidade de asistir dalgún dos membros da comisión de selección indicada na alínea anterior, poderán ser substituídos por quen designe o director xeral de Competitividade e Innovación Tecnolóxica.

5. A resolución de concesión indicará, entre outros aspectos, os compromisos asumidos polos beneficiarios, os créditos orzamentarios aos cales se imputa o gasto, a contía da subvención individualizada e a porcentaxe do financiamento do Fondo Europeo de Pesca, os prazos e modo de pagamento da subvención, o prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade para a cal se cobra a subvención.

6. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución da axuda será de seis meses desde a data de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido o prazo sen resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes, de conformidade co disposto no artigo 44 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

7. Unha vez notificada a devandita resolución o interesado terá un prazo de dez días hábiles a partir do seguinte ao da súa notificación aceptala. Transcorrido este prazo sen producirse manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada a axuda.

8. Contra a resolución que se dite, que pon fin á vía administrativa, cabe interpor recurso potestativo de reposición ante a Consellería do Mar, no prazo

dun (1) mes a partir do día seguinte ao da súa notificación ou recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous (2) meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación. Se transcorrido o prazo para resolver establecido no punto 6 deste artigo, ao interesado non lle é notificada a resolución, entenderase desestimada por silencio negativo e caberá interpor recurso potestativo de reposición perante a conselleira do Mar no prazo de tres (3) meses, ou recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de seis (6) meses, contados, en ambos os casos, a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

9. Os expedientes que non cumpran os requisitos contidos nestas bases e na normativa de aplicación serán inadmitidos ou desestimados segundo o caso.

Artigo 10º.-*Subrogación.*

1. Como norma xeral, non se admitirá a subrogación dun novo propietario do barco na condición de solicitante ou beneficiario das axudas, salvo por falecemento ou incapacidade ou porque o novo propietario sexa resultante dun proceso de fusión, un cambio de denominación da empresa ou transformación do tipo de sociedade. Deberíase indicar que o que se subroga debe reunir as condicións para ser beneficiario que se exixiron ao comezo. En todos os casos, deberase contar coa autorización previa da Consellería do Mar.

2. En calquera caso, o novo beneficiario deberá cumprir os requisitos desta orde e asumir as obrigas derivadas da concesión.

Artigo 11º.-*Criterios de selección.*

1. Os criterios de selección poderán modificarse en cada convocatoria.

2. Para a convocatoria de 2010 os criterios de selección de expedientes serán os seguintes:

a) A integración do buque no plan de axuste do esforzo pesqueiro: Plan de recuperación da pesca do sur e cigala: 30 puntos.

b) A integración do buque noutros plans de recuperación (plans de axuste do esforzo pesqueiro segundo o artigo 21º, letra a), alínea i) do Regulamento 1198/2006): 28 puntos.

c) Restricións impostas pola non renovación dun acordo de pesca entre a Unión Europea e un terceiro país: 24 puntos.

d) Redución importante das posibilidades de pesca en virtude dun convenio internacional ou outro tipo de acordo: 21 puntos.

e) A integración do buque nun plan de axuste do esforzo pesqueiro segundo o artigo 21º, letra a), alínea iv) do Regulamento 1198/2006 (Plan de xestión): 18 puntos.

f) Medidas de urxencia segundo o indicado no artigo 21º, letra a), alínea ii) do Regulamento 1198/2006: 15 puntos se a medida de urxencia é da Comisión.

g) A integración do buque nun plan de axuste do esforzo pesqueiro segundo o artigo 21º, letra a), alínea v) do Regulamento 1198/2006: 11 puntos.

h) Medidas de urxencia segundo o indicado no artigo 21º, letra a), alínea ii): 3 puntos se a medida de urxencia é do Estado membro.

i) Idade do buque: desde os 20 e ata os 30 anos ou máis: 1 punto por ano. Ademais, aos maiores de 30 anos e ata 50 anos engadiranse 0,25 puntos por ano.

j) En caso de empate terá prioridade o buque máis antigo.

k) De manterse o empate, terá prioridade o buque de máis arqueo.

Artigo 12º.-*Modificación da resolución.*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en particular, a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais e o incumprimento dos prazos de materialización da paralización definitiva, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 13º.-*Forma de materialización da paralización definitiva.*

1. A paralización definitiva das activades pesqueiras dun buque pesqueiro só poderá lograrse mediante:

a) O despezo do buque pesqueiro.

b) A reconversión do buque, baixo pavillón dun Estado membro, para a asignación definitiva a actividades non relacionadas coa pesca.

c) Afundimento para crear arrecifes artificiais, logo de avaliación do impacto ambiental e do cumprimento dos obxectivos que se indican no artigo 38, punto 2º, letra a) do Regulamento do Fondo Europeo da Pesca.

2. No suposto da letra b) o buque non poderá cambiar ás listas 4ª e 7ª.

3. En ningún caso a exportación a terceiros países entenderase unha forma de materializar a paralización definitiva, polo que, no caso de que unha vez

concedida a axuda o propietario realizara a exportación do buque, entenderase decaído do seu dereito ao cobramento.

Artigo 14º.-Xustificación e pagamento da axuda.

1. O prazo para a materialización do despezaemento sinalarase na correspondente resolución de concesión da axuda, e non poderá exceder do 31 de decembro do ano en curso. Excepcionalmente, poderá concederse unha prórroga por resolución do órgano concedente, que deberá solicitarse dentro do prazo de execución indicado na resolución. A solicitude de prórroga deberá presentarse por escrito e estar suficientemente motivada.

2. Transcorrido o prazo indicado sen que o beneficiario presentase a documentación xustificativa declarárase decaído do seu dereito de cobramento.

3. Para o pagamento da axuda é imprescindible a materialización da paralización definitiva do buque e realizarase unha vez presentada en orixinal e unha copia cotexada no Rexistro Único e de Información do complexo administrativo de San Caetano en Santiago de Compostela ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, a seguinte documentación:

a) Acreditación da materialización da paralización definitiva:

i) No caso de despezaemento:

-Certificación da Capitanía Marítima correspondente acreditativa de que o buque foi efectivamente despezado. Se o buque se despeza no estranxeiro, deberá acreditarse mediante certificación dun organismo habilitado para tal fin coa inescusable intervención das autoridades españolas correspondentes (embaixada, consulado ou outras con capacidade para realizala).

-O buque debe estar dado de baixa no Censo de Frota Pesqueira Operativa.

ii) No caso de reconversión para actividades non relacionadas coa pesca:

-Memoria explicativa do destino do buque.

-Documento de transmisión cunha cláusula pola que o adquirente se compromete a non transmitir a embarcación nin volver a exercer a actividade de pesca.

-Estatutos da entidade a que se transfire o buque.

-Resolución da autorización da materialización da paralización mediante a súa asignación definitiva a actividades non relacionadas coa pesca.

-O cambio de lista debe estar materializado.

-O buque debe estar dado de baixa no Censo de Frota Pesqueira Operativa.

iii) No caso de afundimento para reconversión para crear arrecifes artificiais:

-Autorización do órgano que sexa competente.

-Baixa no Censo da Frota Pesqueira Operativa.

b) Acreditación de ter notificado formalmente a todos os tripulantes a concesión da axuda por paralización definitiva do buque, mediante a presentación do documento de comunicación que se une como anexo VII desta orde, debidamente cuberto, acompañándoo coa fotocopia compulsada da inscrición dos tripulantes no rol do buque no momento da concesión da axuda (isto último só no caso de que os tripulantes no momento da solicitude de axuda do buque por paralización definitiva e os tripulantes no momento da concesión fosen distintos).

c) Anexo II (pagamento) relativo á declaración de outras axudas.

d) Certificado actualizado do Rexistro Mercantil de estar libre de cargas e gravames.

e) Calquera outra documentación que se indique na resolución de concesión da axuda.

Artigo 15º.-Garantías.

Se ao interesado se lle concedese unha prórroga nos termos previstos no artigo 14.1º desta orde, e a data para xustificación tanto material como documental dos investimentos fose no ano inmediatamente seguinte, deberá presentar ante a Caixa Xeral de Depósitos da Consellería de Facenda un aval polo importe do 110% da axuda.

Artigo 16º.-Incumprimento e reintegro das axudas.

1. Se o beneficiario incumprira calquera dos requisitos establecidos nestas bases e demais normas aplicables, así como as condicións que, se fora o caso, se establezan na resolución de concesión da axuda, poderanse anular os beneficios concedidos coa obriga de reintegro da axuda ou subvención.

2. Procederá o reintegro total ou parcial da subvención concedida, así coma os xuros de mora correspondentes desde o momento do pagamento da subvención e ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos supostos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Tamén será causa de reintegro, de acordo coas directrices comunitarias para o exame das axudas estatais no sector da pesca e da acuicultura (2008/C 84/06), a comisión de infracción polo beneficiario do dereito comunitario e, en especial, das normas da

política pesqueira común, durante o período cuberto pola subvención. O reembolso das axudas será proporcional á gravidade da infracción cometida.

Artigo 17º.-Infraccións e sancións.

Sen prexuízo do establecido nos parágrafos anteriores, aos beneficiarios das axudas reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 18º.-Autorizacións do beneficiario.

1. A presentación da solicitude de concesión de axuda ou subvención polo interesado comportará a autorización ao órgano xestor para incluír e facer público nos rexistros públicos de axudas, subvencións, convenios e sancións os datos relevantes referidos ás axudas recibidas, así como as sancións impostas conforme o establecido no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

2. De acordo co establecido no artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a presentación da solicitude comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de estar ao día, nas obrigas tributarias e de Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma galega. Non obstante, se por razóns técnicas ou doutra índole estes certificados non puideran ser obtidos polo órgano xestor, poderanlle ser requiridos ao beneficiario.

3. Igualmente, se na solicitude de axuda o interesado marca o recadro correspondente, esta actuación implicará a autorización ao órgano xestor para comprobar os datos de identidade mediante consulta ao sistema de verificación de datos segundo o Decreto 255/2008, do 23 de outubro (DOG nº 221, do 13 de novembro) e Orde do 7 de xullo de 2009 (DOG nº 134, do 10 de xullo). Non obstante, se por razóns técnicas ou doutra índole estes certificados non puidesen ser obtidos polo órgano xestor, poderanlle ser requiridos ao beneficiario.

Artigo 19º.-Publicidade.

1. En aplicación do establecido no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, serán obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia* as axudas concedidas, expresando a convocatoria, programa e crédito orzamentario a que se imputan, o beneficiario, a cantidade concedida e a

finalidade da subvención, coas excepcións previstas no dito artigo, de ser o caso.

2. De conformidade co establecido no artigo 13º, punto 4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería do Mar publicará na súa páxina web oficial (<http://webpesca.xunta.es>) a relación de beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

Disposición adicional

Única.-Delégase no director xeral de Competitividade e Innovación Tecnolóxica a resolución destas axudas.

Disposición derogatoria

Quedan sen efecto as bases reguladoras para a concesión de axudas en réxime de concorrencia competitiva das axudas á paralización definitiva dos buques pesqueiros por Orde da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos do 17 de abril de 2009 (DOG nº 78, do 23 de abril). Non obstante, aos procedementos derivados de solicitudes presentadas ao abeiro da citada orde seranlles aplicables as súas disposicións.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Competitividade e Innovación Tecnolóxica para ditar as resolucións necesarias para o desenvolvemento e a aplicación desta orde.

Segunda.-Esta orde producirá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Terceira.-No non previsto nesta orde observárase o que establece o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro e posteriores modificacións; o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e os do seu regulamento de execución; o Regulamento 1198/2006, do 27 de xullo de 2006, relativo ao Fondo Europeo de Pesca; e a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2010.

Rosa María Quintana Carballo
Conselleira do Mar



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR

ANEXO I

UNIÓN EUROPEA
FONDO EUROPEO
DA PESCA



PROCEDEMENTO AXUDAS AUTONÓMICAS PARA A PARALIZACIÓN DEFINITIVA DE BUQUES PESQUEIROS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO PE104D	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF
ENDEREZO	PROVINCIA	CONCELLO	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

E na súa representación:

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF
ENDEREZO	PROVINCIA		
CONCELLO	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

DATOS BANCARIOS

NÚMERO DA CONTA BANCARIA (20 DÍXITOS)				
NOME DA ENTIDADE				

Nome do barco		Matrícula e folio	
Asociación ou organización pesqueira, se é o caso:			
O FINANCIAMENTO DESTAS AXUDAS É DE: FEP no 61%. Estado membro no 39%.			

AUTORIZO O ÓRGANO XESTOR

- Autorizo a consellería, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro e a Orde da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009 que o desenvolve, para a consulta dos meus datos de identidade no sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio da Presidencia SI NON

- A obter dos organismos competentes os certificados de que a entidade que represento está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e sociais e non ten débedas pendentes de pagamento á Xunta de Galicia.

- A facer públicos nos rexistros da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas, se é o caso.

- A publicar, en virtude do artigo 13 punto 4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega na páxina web da consellería, o feito de ser beneficiario dunha axuda e o seu importe, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos do beneficiario.

DECLARO: Non estar incurso en ningunha das causas de prohibicións establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario duna subvención

LEXISLACIÓN APLICABLE

-Regulamento (CE) 1198/2006, do 27-7-2006,, relativo ao Fondo Europeo da Pesca.

-Orde do 30 de xuño de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas a paralización definitiva dos buques pesqueiros, cofinanciadas co Fondo Europeo da Pesca, e se convocan para o exercicio 2010.

SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

Lugar e data

, de de

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

DATA DE EFECTOS

DATA DE SAÍDA

ANEXO II

Declaración doutras axudas

SOLICITUDE

PAGAMENTO

O/A solicitante

no momento de presentar esta solicitude de axuda, e en relación con outras axudas ou subvencións concedidas ou solicitadas, de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional, e para este mesmo expediente de axudas para a paralización definitiva:

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

Axudas concedidas:

Non lle foi concedida ningunha axuda para este mesmo proxecto

Si lle foi concedida axuda para este mesmo proxecto

<i>Tipo de axuda</i>	<i>Data da resolución</i>
<input style="width: 100%; height: 100%;" type="text"/>	<input style="width: 100%; height: 100%;" type="text"/>
<input style="width: 100%; height: 100%;" type="text"/>	<input style="width: 100%; height: 100%;" type="text"/>

Axudas solicitadas:

Non solicitou ningunha outra axuda para este mesmo proxecto

Si solicitou axuda para este mesmo proxecto

<i>Tipo de axuda</i>	<i>Data da solicitude</i>
<input style="width: 100%; height: 100%;" type="text"/>	<input style="width: 100%; height: 100%;" type="text"/>
<input style="width: 100%; height: 100%;" type="text"/>	<input style="width: 100%; height: 100%;" type="text"/>

Lugar e data

_____, de _____ de _____

Sinatura:

ANEXO IV

Compromiso da retirada da actividade pesqueira

O/A solicitante

COMPROMÉTESE, caso de ser seleccionado o seu expediente e concedida a axuda por paralización definitiva do buque pesqueiro

a cesar con carácter definitivo na actividade pesqueira do dito barco, a depositar a documentación pertinente e a darse de baixa nos rexistros correspondentes, materializando efectivamente a paralización dentro de prazo, polo procedemento que sinalo a continuación

- Despezamento
- Asignación definitiva á tarefa non pesqueira seguinte:

- Reconversión para crear arrecifes artificiais

Así mesmo,

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE, que o buque está activo no momento de solicitar esta axuda, e comprométese a mantelo activo, salvo causa de forza maior ou decisión en sentido contrario, que comunicaría inmediatamente á administración xestora, ata a resolución deste expediente.

Lugar e data

_____, de _____ de _____

Sinatura:

ANEXO VI

Compromiso do dereito de pesca

Don/Dona , con DNI nº

a quen se lle concedeu unha axuda para a paralización definitiva do buque

DECLARA, BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

Que transmitiu os dereitos de pesca da citada embarcación ao buque

con matrícula , porto base en

e propiedade de don/dona , o cal se COMPROMETE a manter

durante 5 anos os devanditos dereitos, ou ben a transmitilos a calquera outro buque con porto base en Galicia.

Lugar e data

, de de

Sinatura dos titulares dos devanditos buques _____

ANEXO VII

Notificación aos tripulantes da concesión da axuda por paralización definitiva

O/A solicitante

beneficiario dunha axuda por paralización definitiva do buque pesqueiro

concedida por resolución de data

ACREDITA

A notificación formal que consta a continuación, a todos os tripulantes de dito barco, debidamente enrolados no mesmo momento da materialización da paralización definitiva.

Lugar e data

_____, de _____ de _____

Sinatura:

NOTIFICACIÓN AOS TRIPULANTES

Ponse en coñecemento, en cumprimento da normativa autonómica e básica do Estado, o seguinte:

1.- AO PROPIETARIO DO BUQUE PESQUEIRO

CONCEDÉUSELLE UNHA AXUDA POLA PARALIZACIÓN DEFINITIVA DESTE

2.- COMO TRIPULANTE DO DITO BARCO PODE SER BENEFICIARIO DUNHA AXUDA SOCIOECONÓMICA, PREVISTA NO REGULAMENTO (CE) Nº 1198/2006, DO 27 DE XULLO (DOUE DO 15 DE AGOSTO), SE A SOLICITA E REÚNE TODOS OS REQUISITOS PARA ISO.

3.- A AXUDA SOCIOECONÓMICA TEN CARÁCTER ESTRUCTURAL, VINCULADA Á REESTRUTURACIÓN DO SECTOR PESQUEIRO E É TOTALMENTE INDEPENDENTE DA RELACIÓN LABORAL ENTRE O TRIPULANTE E A EMPRESA ARMADORA.

Notificado e informado

NOME

DNI

Sinatura:

Notificado e informado

NOME

DNI

Sinatura:

Notificado e informado

NOME

DNI

Sinatura:

Notificado e informado

NOME

DNI

Sinatura:

Notificado e informado

NOME

DNI

Sinatura:

Notificado e informado

NOME

DNI

Sinatura: